

CAPÍTULO III

OFICIOS E MINISTERIOS NA CELEBRACIÓN DA LITURXIA DA PALABRA DENTRO DA MISA

1. Funcións do presidente na liturxia da palabra

38. O que preside a liturxia da palabra, aínda que tamén el escoita a palabra de Deus proclamada polos demais, continúa sendo sempre o primeiro ó que se lle confiou a función de anuncia-la palabra de Deus, para compartir cos fieis, sobre todo na homilía, o alimento interior que contén esta palabra. Aínda que el debe coidar, por si mesmo ou por outros, que a palabra de Deus sexa proclamada axeitadamente, con todo correspóndelle a el ordinariamente preparar algunhas monicións que lles axuden ós fieis a escoitar con máis atención; sobre todo correspóndelle a el face-la homilía, para lles facilitar unha comprensión máis fecunda da palabra de Deus.

39. Cómpre que o que ha presidi-la celebración coñeza perfectamente, el mellor do que ninguén, a estrutura do Ordenamento das lecturas, para que saiba facela proveitosa no corazón dos fieis; ademais, mediante a oración e o estudio, deberá percibir claramente a coherencia e a conexión entre os diversos textos da liturxia da palabra, a fin de que, a través deste Ordenamento das lecturas, se comprenda ben o misterio de Cristo e a súa obra de salvación.

40. O que preside non debe rechar en aproveita-las diversas posibilidades que lle ofrece o Leccionario, no referente ás lecturas, ás respostas, ós salmos responsoriais, ás aclamacións para o Evanxeo;⁶⁶ pero ten que facelo todo de común acordo⁶⁷ con tódolos interesados, e escoitando tamén o parecer dos fieis no que a eles lles corresponda.⁶⁸

41. O que preside exerce tamén a súa función propia e o ministerio da palabra cando fai a homilía.⁶⁹ Con ela guía os seus irmáns cara a unha saborosa comprensión da sagrada Escritura, abre o corazón dos fieis á acción de grazas polas maravillas de Deus, alimenta a fe dos presentes na palabra que, na celebración, por obra do Espírito Santo, se converte en sacramento, prepáraos para unha proveitosa comunión e invítaos a asumirlas esixencias da vida cristiá.

42. Correspóndelle ó presidente introducir, de cando en vez, ós fieis na liturxia da palabra, antes da proclamación das lecturas, mediante unhas monicións.⁷⁰ Estas monicións poderán ser de moita axuda para que a asemblea reunida escoite mellor a palabra de Deus, xa que promoven o hábito da fe e da boa vontade. Esta función pódea exercer valéndose doutros, por exemplo, o diácono ou o comentador.⁷¹

⁶⁶ Cf. *infra*, *Prenotandos*, núms. 78-91, pp. XXXI-XXXIV.

⁶⁷ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núms. 318-320; 324-325.

⁶⁸ Cf. *ibid.*, núm. 313.

⁶⁹ Cf. *ibid.*, núm. 42; Sagrada Congregación para os Sacramentos e o Culto divino, Instrucción *Inaestimabile donum*, 3 de abril de 1980, núm. 3: AAS 72 (1980), p. 334.

⁷⁰ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 11.

⁷¹ Cf. *ibid.*, núm. 68.

43. O presidente introduce ós fieis na liturxia eucarística⁷² dirixindo a oración universal e, se é posible, conectando as lecturas da celebración e a homilía coa oración por medio da monición inicial e da conclusión.

2. Oficio dos fieis na liturxia da palabra

44. Pola palabra de Cristo o pobo de Deus réúnese, medra, mantense, «e isto aplícase especialmente á liturxia da palabra na celebración da Misa, pois na Misa o anuncio da morte e da resurrección do Señor, e a resposta do pobo que escoita, únense inseparablemente coa oblación mesma coa que Cristo confirmou no seu sangue a nova Alianza, oblación á que se unen os fieis co desexo e coa recepción do sacramento».⁷³ En efecto, «non só cando se le “o que se escribiu para a nosa instrucción” (Rm 15, 4), senón tamén cando a Igrexa ora, canta ou actúa, a fe dos asistentes mantense, e as súas almas elévanse cara a Deus, para lle tributar un culto racional e recibi-la súa gracia con maior abundamento».⁷⁴

45. Na liturxia da palabra, mediante unha escoita acompañada da fe, tamén hoxe a congregación dos cristiáns recibe de Deus a palabra da alianza, e debe responder a esta palabra coa mesma fe, para que se converta cada día máis no pobo da nova Alianza.

O pobo de Deus ten dereito a recibir con abundancia o tesouro espiritual da palabra de Deus, e isto cúmprese levando á práctica o Ordenamento das lecturas da Misa, e tamén a través das homilías e da acción pastoral.

Na celebración da Misa os fieis deben escoita-la palabra de Deus cunha veneración interior e exterior que os faga medrar continuamente na vida espiritual e os introduza cada vez máis no misterio que se celebra.⁷⁵

46. Para que poidan celebrar dun modo vivo o memorial do Señor, os fieis terán o convencemento de que hai unha soa presenza de Cristo, presenza na palabra de Deus, «pois cando se le na Igrexa a sagrada Escritura é el quen fala», e presenza, «sobre todo, baixo as especies eucarísticas».⁷⁶

47. Para que a palabra de Deus sexa acollida e traducida na vida dos fieis, pide unha fe viva,⁷⁷ fe que pola súa banda a escoita da palabra vai poñendo en acción constantemente.

En efecto, a sagrada Escritura, sobre todo na proclamación litúrxica, é fonte de vida e de forza, xa que o Apóstolo testemuña que o Evanxeo é forza de salvación para todo o que cre;⁷⁸ por isto, o amor ás Escrituras convértese en vigor e en renovación para todo o pobo de Deus.⁷⁹ Cómpre, polo tanto, que tódolos cristiáns estean sempre dispostos a escoitar con alegría a palabra de Deus.⁸⁰ Cando a Igrexa anuncia a palabra de Deus, e cando esa palabra é levada á práctica, daquela ilumina os fieis, pola actuación do

⁷² Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núms. 33, 47.

⁷³ Concilio Vaticano II, Decreto *Presbyterorum ordinis*, sobre o ministerio e a vida dos presbíteros, núm. 4.

⁷⁴ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 33.

⁷⁵ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 9.

⁷⁶ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 7.

⁷⁷ Cf. *ibid.*, núm. 9.

⁷⁸ Cf. Rm 1, 16.

⁷⁹ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución dogmática *Dei verbum*, sobre a divina revelación, núm. 21.

⁸⁰ Cit. en Concilio Vaticano II, Constitución dogmática *Dei verbum*, sobre a divina revelación, núm. 21.

Espírito, e arrástraos a vivir na súa totalidade o misterio do Señor.⁸¹ A palabra de Deus, cando é recibida con fe, move todo o interior das persoas á conversión e a unha vida resplandecente de fe persoal e comunitaria,⁸² xa que é o alimento da vida cristiá e a fonte de toda a oración da Igrexa.⁸³

48. A íntima relación entre liturxia da palabra e liturxia eucarística na celebración da Misa levará os fieis a estar presentes na celebración desde o primeiro de todo⁸⁴ e a participar atentamente e, no posible, tamén a unha escoita preparada con anterioridade, principalmente por medio dun coñecemento máis fondo da sagrada Escritura; ademais suscitará neles o desexo de acadar unha comprensión litúrxica dos textos que se len e a vontade de responder por medio do canto.⁸⁵

Despois de ter escoitado e meditado a palabra de Deus, os cristiáns poden darlle unha resposta activa, chea de fe, de esperanza e de caridade, coa oración e co ofrecemento de si mesmos, non só durante a celebración, senón tamén en toda a súa vida cristiá.

3. Ministerios na liturxia da palabra

49. A tradición litúrxica asigna a función de le-las lecturas bíblicas na celebración da Misa ós ministros: lectores e diáconos. En non habendo diácono ou outro sacerdote, o mesmo sacerdote celebrante lerá o Evanxeo⁸⁶ e lerá tamén o resto das lecturas, se non hai lector.⁸⁷

50. Na liturxia da palabra da Misa correspóndelle ó diácono proclama-lo Evanxeo, face-la homilía nalgúns casos especiais e propoñerlle ó pobo as intencións da oración universal.⁸⁸

51. «O lector ten un ministerio de seu na celebración eucarística, ministerio que debe exercer el, aínda que haxa outro ministro de grao superior».⁸⁹ Cómpre darlle a debida importancia ó ministerio de lector conferido co rito litúrxico. Os lectores instituídos, se é que os hai, deben exercer-la súa función propia, polo menos nos domingos e nos días festivos, sobre todo na celebración principal. Tamén se lle poderá confía-lo encargo de axudar na organización da liturxia da palabra e de coidar, se for necesario, a preparación dos outros fieis que han le-las lecturas na celebración da Misa por encargo temporal.⁹⁰

⁸¹ Cf. Xn 14, 15-26; 15, 26—16, 4. 5-15.

⁸² Cf. Concilio Vaticano II, Decreto *Ad gentes divinitus*, sobre a actividade misioneira da Igrexa, núms. 6 e 15; e tamén Constitución dogmática *Dei verbum*, sobre a divina revelación, núm. 26.

⁸³ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 24; e tamén Sagrada Congregación para os Clérigos, *Directorium catechisticum generale*, 11 de abril de 1971, núm. 25: AAS 64 (1972), p. 114.

⁸⁴ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 56; e tamén Sagrada Congregación para os Sacramentos e o Culto divino, Instrucción *Inaestimabile donum*, 3 de abril de 1980, núm. 1: AAS 72 (1980), pp. 333-334.

⁸⁵ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núms. 24 e 35.

⁸⁶ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 34.

⁸⁷ Cf. *ibid.*, núm. 96.

⁸⁸ Cf. *ibid.*, núms. 47, 61, 132; Sagrada Congregación para os Sacramentos e o Culto divino, Instrucción *Inaestimabile donum*, 3 de abril de 1980, núm. 3: AAS 72 (1980), p. 334.

⁸⁹ *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 66.

⁹⁰ Cf. Paulo VI, Carta apostólica *Ministeria quaedam*, 15 de agosto de 1972, núm. V, en *Pontifical romano reformado segundo os decretos do Concilio Vaticano II*, aprobado polo episcopado español e confirmado pola Sagrada Congregación para o Culto divino, *Para instituír Lectores e Acólitos* (Coeditores litúrxicos 1974), p. 9.

52. A asemblea litúrxica necesita lectores, aínda que non estean instituídos para esta función. Polo tanto, débese procurar que haxa algúns leigos, os máis aptos, que estean preparados para exercer este ministerio.⁹¹ Se se dispón de varios lectores e hai que ler varias lecturas, é bo distribuílas entre eles.

53. Nas Misas sen diácono, a función de propoñe-las intencións da oración universal hai que lla confiar a un cantor, principalmente cando estas intencións son cantadas, a un lector ou a outra persoa.⁹²

54. O sacerdote distinto do celebrante, o diácono e o lector instituído no seu propio ministerio, cando soben ó ambón para le-la palabra de Deus na celebración da Misa con participación do pobo, deben leva-la vestimenta sagrada propia da súa función. Os que exercen o ministerio de lector de maneira transitoria, e mesmo habitualmente, poden subir ó ambón coa vestimenta ordinaria, aínda que respectando os costumes de cada lugar.

55. «Para que os fieis cheguen a adquirir unha estima doce e viva da sagrada Escritura mediante a escoita das lecturas divinas, cómpre que os lectores que exercen tal ministerio, aínda que nel non foran instituídos, sexan verdadeiramente aptos e estean preparados a conciencia».⁹³

Esta preparación deber ser sobre todo espiritual, pero tamén fai moita falta a preparación chamada técnica. A preparación espiritual presupón, polo menos, unha dobre instrucción: bíblica e litúrxica. A instrucción bíblica debe apuntar a que os lectores estean capacitados para percibi-lo sentido das lecturas no seu propio contexto e para entender á luz da fe a cerna da mensaxe revelada. A instrucción litúrxica débelle facilitar ós lectores unha certa percepción do sentido e da estrutura da liturxia da palabra e as razóns do vencellamento entre a liturxia da palabra e a liturxia eucarística. A preparación técnica fará que os lectores sexan cada día máis aptos para a arte de ler diante do pobo, dun xeito normal, ou coa axuda dos altofalantes.

56. Correspóndelle ó salmista ou ó cantor do salmo cantar, en forma responsorial ou directa, o salmo ou outro cántico bíblico, o gradual e o **Aleluia** ou outro canto interleccional. Se parece oportuno, esa mesma persoa pode inicia-lo canto do **Aleluia** e do versículo.⁹⁴

Para exercer esta función de salmista é moi necesario que en cada comunidade eclesial haxa uns leigos dotados da arte de salmodiar, que pronuncien e que proclamen ben. O que máis arriba dixemos cando falabamos da formación dos lectores aplícase tamén ós cantores do salmo.

57. Do mesmo xeito, tamén exerce un verdadeiro ministerio litúrxico o comentador que, desde o lugar axeitado, lle propón á asemblea dos fieis unhas explicacións e monicións oportunas, claras, sinxelas pola súa sobriedade, preparadas con coidadiño, normalmente escritas e aprobadas previamente polo celebrante.⁹⁵

⁹¹ Cf. Sagrada Congregación para os Sacramentos e o Culto divino, Instrucción *Inaestimabile donum*, 3 de abril de 1980, núms. 2 e 18: AAS 72 (1980), p. 334; cf. tamén Sagrada Congregación para o Culto divino, *Directorium de Missis cum pueris*, 1 de novembro de 1973, núms. 22, 24, 27: AAS 66 (1974), p. 43.

⁹² Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núms. 47, 66, 151; cf. tamén Consello para a posta en práctica da Constitución sobre a sagrada liturxia, *De oratione communi seu fidelium* (Cidade do Vaticano 1966), núm. 8.

⁹³ *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 66.

⁹⁴ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núms. 37a e 67.

⁹⁵ Cf. *ibid.*, núm. 68.

SEGUNDA PARTE

ESTRUCTURA DA ORDENACIÓN DAS LECTURAS DA MISA

CAPÍTULO IV

ORDENAMENTO XERAL DAS LECTURAS DA MISA

1. Finalidade pastoral do Ordenamento das lecturas da Misa

58. O Ordenamento das lecturas, tal como se atopa no Leccionario do Misal romano, foi elaborado cunha finalidade principalmente pastoral segundo o pensamento do Concilio Vaticano II. Para iso, non soamente os principios nos que se basea o novo Ordenamento, senón tamén todo o conxunto de textos do mesmo foron revisados e pulidos unha e outra vez, coa colaboración de moitas persoas de todo o mundo, ben preparadas en materia esexética, litúrxica, catequética e pastoral. O Ordenamento é o resultado deste traballo en común.

Agardamos que unha lectura ampla e ben comentada da sagrada Escritura, feita para o pobo cristián na celebración eucarística, segundo este Ordenamento de lecturas, sexa moi eficaz para acadala finalidade exposta unha e outra vez polo Concilio Vaticano II.⁹⁶

59. Nesta reforma pareceu conveniente preparar un só Ordenamento de lecturas, rico e abondoso, completamente conforme coa vontade e coas normas do Concilio Vaticano II,⁹⁷ pero que, ó tempo, pola súa forma se acomodara ás determinadas esixencias e costumes das Igrexas particulares e das asembleas celebrantes. Por esta razón os encargados de elaborar esta reforma preocupáronse de poñer a salvo a tradición litúrxica do rito romano, sen por iso lle perde-la estima á riqueza de tódalas formas de selección, distribución e uso das lecturas bíblicas existentes nas demais familias litúrxicas e nalgunhas Igrexas particulares; para iso valéronse do que xa fora comprobado pola experiencia e ó mesmo tempo procuraron evitar algúns defectos existentes na tradición precedente.

60. Polo tanto, o presente Ordenamento das lecturas da Misa é unha disposición de lecturas bíblicas que lles fornece ós cristiáns o coñecemento de toda a palabra de Deus, acompañado dunha explicación axeitada. Durante todo o ano litúrxico, pero maiormente

⁹⁶ Cf., por exemplo, Paulo VI, Constitución apostólica *Missale romanum*: «Todo isto, dispúxose de tal xeito que fíxese soecer cada vez máis nos seguidores de Cristo a fame da palabra de Deus e, contando con ela e coa axuda do Espírito Santo, o pobo da nova alianza chegase axiña á completa unidade da Igrexa. Con todo isto confiamos de corazón en que os sacerdotes e asemade os fieis se dispoñan a celebra-la Cea do Señor con maior santidade e se alimenten abondosamente e a cotío da palabra do Señor coa meditación fonda das Sagradas Escrituras. A consecuencia disto ha ser que, segundo os consellos do Concilio Vaticano II, a palabra de Deus será considerada por todos como unha fonte perenne de vida espiritual, como o principal argumento da doutrina cristiana a ensinar e, por último, como a cerna de calquera preparación teolóxica», en *Misal Romano*, instaurado por mandato do Concilio Vaticano II e promulgado coa autoridade da súa Santidade o papa Paulo VI, edición típica aprobada polos Bispos das diócesis de lingua galega e confirmada pola Congregación do Culto divino (Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela, 1987), p. 20.

⁹⁷ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núms. 35 e 51.

durante os tempos de Pascua, de Coresma e de Advento, a selección e distribución de lectura ten como obxectivo que os cristiáns pouquiño a pouco vaian coñecendo máis fondamente a fe que profesan e a historia da salvación.⁹⁸ Por iso o Ordenamento das lecturas responde ás necesidades e desexos do pobo cristián.

61. A acción litúrxica de seu non é unha forma determinada de catequese; non obstante leva consigo un aquel didáctico, que se expresa tamén no Leccionario do Misal romano,⁹⁹ de xeito que moi ben pode ser considerado como un instrumento pedagóxico para o fomento da catequese.

En efecto, o Ordenamento das lecturas da Misa ofrece axeitadamente, colléndoos da sagrada Escritura, os feitos e as palabras principais da historia da salvación; e así esta historia da salvación, que a liturxia da palabra vai lembrando paso a paso nos seus diversos momentos e acontecementos, aparece diante dos fieis coma algo que ten unha continuidade actual ó se facer de novo presente o misterio pascual de Cristo, celebrado na eucaristía.

62. Hai outras perspectivas desde as que se comprende tamén a conveniencia e a utilidade pastoral dun só Ordenamento de lecturas do Leccionario da Misa no rito romano: o feito de que tódolos fieis, incluso os que por calquera razón non sempre participan na mesma asemblea, en calquera parte que estean escoiten en determinados días e tempos as mesmas lecturas, e mediten esas lecturas aplicadas ás circunstancias concretas, mesmo naqueles lugares, nos que, por non haber sacerdote, un diácono ou outra persoa delegada polo bispo dirixe a celebración da palabra de Deus.¹⁰⁰

63. Os pastores que lles queiran dar unha resposta específica, tomada da palabra de Deus, ás cuestións das súas propias comunidades, non deben esquecer ante todo que deben ser heraldos da totalidade do misterio de Cristo e do Evanxeo; pero poderán botar man, segundo lle conveña á comunidade, das posibilidades que ofrece o mesmo Ordenamento das lecturas da Misa, maiormente con ocasión da celebración dalgunha Misa ritual, votiva, ou en honor dos santos, ou por diversas circunstancias. Tendo en conta as normas xerais, concédense facultades particulares no referente ás lecturas da palabra de Deus nas celebracións da Misa para grupos particulares.¹⁰¹

2. Principios observados na elaboración do Ordenamento das lecturas da Misa

64. Para acadar a finalidade propia do Ordenamento das lecturas da Misa, a escolla e distribución dos fragmentos fíxose tendo en conta a sucesión dos tempos litúrxicos e

⁹⁸ Cf. Paulo VI, Constitución apostólica *Missale romanum*: «Con este engadido queda de manifesto a cerna do proceso continuo da historia da salvación, contida na palabra revelada de Deus», en *Misal Romano, o.c.*, p. 20.

⁹⁹ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núms., 9, 33; Sagrada Congregación de Ritos, Instrucción *Inter Oecumenici*, 26 de setembro de 1964, núm. 7: AAS 56 (1964), p. 878; Xoán Paulo II, Exhortación apostólica *Catechesi tradendae*, 16 de outubro de 1979, núm. 23: AAS 71 (1979), pp. 1296-1297.

¹⁰⁰ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 35, 4; Sagrada Congregación de Ritos, Instrucción *Inter Oecumenici*, 26 de setembro de 1964, núms. 37-38: AAS 56 (1964), p. 884.

¹⁰¹ Cf. Sagrada Congregación para o Culto divino, Instrucción *Actio pastoralis*, 15 de maio de 1969, núm. 6: AAS 61 (1969), p. 809; *Directorium de Missis cum pueris*, 1 de novembro de 1973, núms. 41-47: AAS 66 (1974), p. 43; Paulo VI, Exhortación apostólica *Marialis cultus*, 2 de febreiro de 1974, núm. 12: AAS 66 (1974), pp. 125-126.

tamén os principios hermenéuticos que os estudos esexéticos do noso tempo permitiron descubrir e definir.

Por isto pareceu conveniente presentar aquí os principios que se tiveron en conta na confección do Ordenamento das lecturas da Misa.

a) ELECCIÓN DOS TEXTOS

65. A sucesión de lecturas do Propio do tempo dispúxose da seguinte maneira: nos domingos e festas propóñense os textos máis importantes, para que as partes máis relevantes da palabra de Deus se poidan ler na asemblea dos fieis nun espazo relativamente curto de tempo. A outra serie de textos da sagrada Escritura, que dalgún xeito completan o anuncio de salvación desenvolvido nos días festivos, asígnase ós días de diario. Sen embargo, ningunha das dúas series destas partes principais do Ordenamento das lecturas, é dicir, a dominical festiva e a serie de a diario, depende unha da outra. Aínda máis, o Ordenamento das lecturas dominical e festiva desenvólvese nun trienio, mentres que o Ordenamento dos días de diario faino nun bienio. Por isto, o Ordenamento das lecturas dominical e festivo procede con independencia do das lecturas de diario, e á inversa.

A sucesión de lecturas proposta para as demais partes do Ordenamento das lecturas, como son a serie de lecturas para as celebracións dos santos, para as Misas rituais ou por diversas necesidades, ou as votivas, ou as Misas de defuntos, réxese por normas propias.

b) ORDENAMENTO DAS LECTURAS PARA OS DOMINGOS E FESTAS

66. As características do Ordenamento das lecturas para os domingos e festas son as seguintes:

1. Toda Misa presenta tres lecturas: a primeira, do Antigo Testamento; a segunda, do Apóstolo (isto é, das epístolas ou da Apocalipse, segundo os diversos tempos do ano); a terceira, do Evanxeo. Con esta distribución ponse de relevo a unidade de ámbolos dous Testamentos e da historia da salvación, da que Cristo contemplado no seu misterio pascual é o centro.

2. O feito de que, para os domingos e festas, se propoña un ciclo de tres anos dá pé tamén para unha lectura máis variada e abondosa da sagrada Escritura, xa que os mesmos textos non se volverán ler ata despois de tres anos.¹⁰²

3. Os principios que regulan o Ordenamento das lecturas para os domingos e festas son os chamados de «composición harmónica» ou de «lectura semicontinua». Emprégase un principio ou outro segundo os diversos tempos do ano e segundo as notas características de cada tempo litúrxico.

¹⁰² Cada ano ten asignada unha das tres letras A, B, C. Para determinar cal é o ano A, o B e o C, procédese do seguinte xeito: coa letra C désígnase o ano que teña un número divisible por tres, como se o ciclo houbese empezado no primeiro ano do cómputo cristián. Segundo isto, o ano 1 tería sido o ano A, o ano 2 o B, o ano 3 o C, e os anos 6, 9, 12... outra vez o ano C. Así, por exemplo, o ano 1997 é ano B, o ano seguinte, isto é, o ano 1998, é ano C, o ano 1999 é ano A e o ano 2000 volve ser ano B, e así sucesivamente. Está claro, ademais, que cada ciclo acomódase á disposición do ano litúrxico e empeza, polo tanto, na primeira semana de Advento, que cae no ano civil precedente.

Os anos de cada ciclo estrutúranse ata certo punto tendo en conta, como nota característica, o evanxeo sinóptico que se le en lectura semicontinua durante o tempo ordinario. Así, o primeiro ano do ciclo chámase e é o ano no que se le *Mateo*, e os demais, a saber, o segundo e o terceiro, o ano no que se le *Marcos* e *Lucas*, respectivamente.

67. A mellor composición harmónica entre as lecturas do Antigo e as do Novo Testamento dáse cando a mesma Escritura a insinúa, é dicir, naqueles casos nos que as ensinanzas e feitos expostos nos textos do Novo Testamento teñen unha relación máis ou menos explícita coas ensinanzas e feitos do Antigo Testamento. No presente Ordenamento das lecturas, os textos do Antigo Testamento están seleccionados principalmente pola súa congruencia cos textos do Novo Testamento, en especial co Evanxeo que se le na mesma Misa.

Nos tempos de Advento, Coresma e Pascua, é dicir, naqueles tempos dotados dunha importancia e dunhas características peculiares, a composición entre os textos das lecturas de cada Misa baséase noutros principios.

Pola contra, nos domingos do tempo ordinario, que non teñen unha característica peculiar, os textos da lectura apostólica e do Evanxeo distribúense segundo a orde da lectura semicontinua, mentres que a lectura do Antigo Testamento escóllese tendo en conta a súa harmonía co Evanxeo.

68. O que era conveniente para os tempos especiais anteriormente citados non pareceu oportuno aplicalo tamén ós domingos; e así non aparece neles unha unidade temática que podería facer máis doada a instrucción homilética. O xenuíno concepto da acción litúrxica contradíse, xa que logo, cunha composición temática de tal estilo, xa que a dita acción litúrxica é sempre celebración do misterio de Cristo e, por propia tradición, emprega a palabra de Deus movida non só por unhas inquiredanzas de orde racional e externa, senón pola preocupación de anuncia-lo Evanxeo e de levar ós crentes cara á verdade plena.

c) ORDENAMENTO DAS LECTURA NOS DÍAS DE DIARIO

69. O Ordenamento de lecturas para os días de diario fíxose con estes criterios:

1. Toda Misa presenta dúas lecturas: a primeira, do Antigo Testamento ou do Apóstolo (isto é, das epístolas ou da Apocalipse), e, no tempo de Pascua, os Feitos dos apóstolos; a segunda, do Evanxeo.

2. O ciclo anual do tempo de Coresma ordénase segundo uns principios peculiares que teñen en conta as características deste tempo, a saber, a súa índole bautismal e penitencial.

3. O ciclo é tamén nos días de diario de Advento e dos tempos do Nadal e de Pascua, e, polo tanto, as lecturas non varían de ano en ano.

4. Nos días de diario das trinta e catro semanas do tempo ordinario as lecturas evanxélicas distribúense nun só ciclo que se repite cada ano. En cambio, a primeira lectura distribúese nun ciclo dobre que se le ano si e ano non. O ano primeiro emprégase nos anos impares; o segundo, nos anos pares.

Deste xeito pónense en práctica os principios da composición harmónica e da lectura semicontinua tamén no Ordenamento das lecturas para os días de diario, o mesmo ca nos domingos e festas; e iso polos mesmos motivos, e principalmente cando se trata daqueles tempos que presentan unhas características peculiares.

d) AS LECTURAS PARA AS CELEBRACIÓNS DOS SANTOS

70. Para as celebracións dos santos ofrécese unha dobre serie de lecturas:

1. Unha do Propio, para as solemnidades, festas e memorias, principalmente se para cada unha delas existen textos propios. Non obstante, de entre os textos que se encontran no Común, tamén se indica algún que parece máis apropiado cós outros.

2. Outra serie, por certo máis ampla, atópase nos Comúns de santos. Nesta parte propóñense primeiro os textos máis propios para as diversas categorías de santos (mártires, pastores, virxes, etc.), despois unha cantidade de textos que tratan da santidad en xeral, e que se poderán empregar segundo ben pareza, sempre que se remita ós comúns para a elección das lecturas.

71. Polo que se refire á orde na que están postos os textos nesta parte, axudará saber que se atopan todos xuntos, segundo a orde na que se deben ler. Así, atópanse primeiro os textos do Antigo Testamento, logo os textos do Apóstolo, despois os salmos e versículos interleccionais e, finalmente, os textos do Evanxeo. Están colocados deste xeito para que o celebrante os escolla segundo ben queira, tendo en conta as necesidades pastorais da asemblea que participa na celebración, agás que se indique o contrario.

e) **AS LECTURAS PARA AS MISAS RITUAIS, POR DIVERSAS NECESIDADES, VOTIVAS E DE DEFUNTOS**

72. Nesta mesma orde están colocados os textos das lecturas para as Misas rituais, por diversas necesidades, votivas e de defuntos: ofrécese varios textos xuntos, coma nos Comúns dos santos.

f) **PRINCIPAIS CRITERIOS APLICADOS NA SELECCIÓN E ORDENAMENTO DAS LECTURAS**

73. A maiores destes principios, que regulan a distribución das lecturas en cada parte do Ordenamento das lecturas, hai outros de carácter máis xeral, que se poden enunciar do seguinte modo:

1) **Reserva dalgúns libros segundo os tempos litúrxicos**

74. Pola importancia do feito en si mesmo e por tradición litúrxica, no presente Ordenamento algúns libros da sagrada Escritura resérvanse para determinados tempos litúrxicos. Por exemplo, respéctase a tradición, tanto occidental (ambrosiana e hispánica) coma oriental, de le-los Feitos dos apóstolos no tempo pascual, xa que este libro serve en boa medida para facer ver como toda a vida da Igrexa atopa as súas orixes no misterio pascual. Consérvase igualmente a tradición, tanto occidental coma oriental, de le-lo Evanxeo de Xoán nas últimas semanas de Coresma e no tempo pascual.

A lectura de Isaías, principalmente da primeira parte, asígnase por tradición ó tempo de Advento. Non obstante, algúns textos deste libro lense no tempo do Nadal. Ó tempo do Nadal asígnaselle tamén a primeira carta de san Xoán.

2) **Extensión dos textos**

75. Respecto á extensión dos textos, gárdase un termo medio. Fíxose unha distinción entre as narracións, que demandan certa longura do texto, e que xeneralmente os fieis escoitan con atención, e aqueles textos que, pola fondura do seu contido, non poden ser moi extensos.

Para algúns textos máis longos, prevese unha dobre forma, a longa e a breve, segundo conveña. Estas abreviacións fixéronse con moito tino.

3) Os textos máis difíciles

76. Por motivos pastorais, nos domingos e solemnidades, evítanse os textos bíblicos realmente difíciles, ben obxectivamente, porque suscitan complicados problemas de índole literaria, crítica ou esexética, ou ben, polo menos ata certo punto, porque son textos que os fieis dificilmente poderían entender. Con todo, non se podía admiti-lo feito de apartar os fieis das riquezas espirituais dalgúns textos pola única razón de que lles fosen difíciles de entender, cando esta dificultade deriva dunha insuficiente formación cristiá —da que ningún fiel debe carecer— ou dunha insuficiente formación bíblica, que todo pastor de almas debe posuír abundantemente. Algunhas veces unha lectura difícil vólvese fácil pola súa harmonía con outra lectura da mesma Misa.

4) Omisión dalgúns versíños

77. A tradición de moitas liturxias, sen excluí-la mesma liturxia romana, adoita omitir por veces algúns versíños das lecturas da Escritura. Hai que admitir, certamente, que estas omisións non se poden facer así como así, non vaia ser que queden mutilados o sentido do texto ou o seu espírito ou incluso o estilo propio da Escritura. Con todo, salvando sempre a integridade do sentido no esencial e por motivos pastorais, pareceu conveniente conservar tamén neste Ordenamento a antedita tradición. De non ser así, algúns textos alongaríanse de máis, ou habería que omitir de todo algunhas lecturas que por veces resultan moi útiles para os fieis; e iso porque conteñen algúns versíños que, desde o punto de vista pastoral, son menos proveitosos ou inclúen algunhas cuestións verdadeiramente difíciles.

3. Principios que cómpre aplicar no uso do Ordenamento das lecturas

a) FACULTADE DE ESCOLLER ALGÚNS TEXTOS

78. No ordenamento das lecturas por veces concédeselle ó celebrante a facultade de escolle-la lectura dun texto ou doutro, ou de escoller un texto entre varios propostos a un tempo para a mesma lectura. Isto raramente sucede nos domingos, solemnidades e festas, para que non esvaeza a índole propia dalgún tempo litúrxico, ou para que non se interrompa indebidamente a lectura semicontinua dalgún libro; polo contrario, esta facultade dáse con máis facilidade nas celebracións dos santos e nas Misas rituais, por diversas necesidades, votivas e de defuntos.

Estas facultades, xunto con outras indicadas no Ordenamento xeral do Misal romano e no *Ordo cantus Missae*,¹⁰³ teñen unha finalidade pastoral. O sacerdote, polo tanto, ó organiza-la liturxia da palabra, «mirará máis polo ben espiritual común da asemblea do que polas súas persoais preferencias. Teña ademais presente que unha escolla deste tipo estará ben facela de común acordo cos que ofician con el e cos demais que participarán na celebración, sen excluí-los mesmos fieis na parte que a eles máis directamente lles corresponde».¹⁰⁴

¹⁰³ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núms. 36-40; *Missale Romanum ex Decreto Sacrosancti Oecumenici Concilii Vaticani II instauratum, auctoritate Pauli PP. VI promulgatum, Ordo cantus Missae* (Typis Polyglottis Vaticanis 1972), núms. 5-9.

¹⁰⁴ *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 313.

1) *As dúas lecturas antes do Evanxeo*

79. Nas Misas nas que se propoñen tres lecturas débense facer efectivamente tres lecturas. Non obstante, se a Conferencia Episcopal por motivos pastorais permite que nalgunha parte se fagan unicamente dúas lecturas,¹⁰⁵ a escolla entre as dúas primeiras débese facer de xeito que non se desvirtúe o proxecto de instruír plenamente ós fieis sobre o misterio da salvación. Polo cal, agás que se indique o contrario nalgún caso, entre as dúas primeiras lecturas hase preferir a que estea máis directamente relacionada co Evanxeo, ou a que, segundo o proxecto antes mencionado, sexa de máis axuda para facer durante algún tempo unha catequese orgánica, ou a que faga máis doada a lectura semicontinua dalgún libro.¹⁰⁶

2) *A forma breve ou longa*

80. Ó escolle-las dúas formas nas que se presente un mesmo texto, hai que guiarse tamén por un criterio pastoral. En efecto, nalgunhas ocasións dáse unha forma longa e outra breve do mesmo texto. Neste caso cómpre ter en conta a posibilidade de que os fieis escoiten con proveito a lectura máis longa ou a menos longa; cómpre ter en conta tamén a súa posibilidade de escoita-lo texto máis completo, que será explicado despois na homilía.

3) *Proposición dun dobre texto*

81. Cando se concede a facultade de escoller entre un ou outro texto xa definido, ou proposto segundo se queira, haberá que atender á utilidade dos que participan; isto é, segundo se trate de empregar un texto que é máis doado ou máis conveniente para a asemblea reunida, ou dun texto que hai que repetir ou repoñer, que se asigna como propio para algunha celebración e se deixa á iniciativa particular para outra, sempre que a utilidade pastoral o aconselle.

Isto pode suceder cando se teme que o texto dea pé a algunhas dificultades nunha asemblea concreta, ou cando o mesmo texto debe lerse outra vez en días próximos: no domingo e no día de diario que lle segue inmediatamente.

4) *As lecturas dos días de diario*

82. No ordenamento das lecturas dos días de diario propóñense uns textos para cada día de cada semana, durante todo o ano; polo tanto, como norma xeral, empregaranse estas lecturas nos días que teñen asignados, agás que coincida unha solemnidade ou unha festa, ou unha memoria que teña lecturas propias.¹⁰⁷

¹⁰⁵ Cf. *ibid.*, núm 318; Sagrada Congregación para os Sacramentos e o Culto divino, Instrucción *Inaestimabile donum*, 3 de abril de 1980, núm. 1: AAS 72 (1980), pp. 333-334.

¹⁰⁶ Por exemplo, durante o tempo de Coresma a continuidade das lecturas do Antigo Testamento está baseada no desenvolvemento da historia da salvación; en cambio, nos domingos do tempo ordinario atopamos unha lectura semicontinua dalgunha das Cartas apostólicas. Por isto, cómpre que o pastor de almas escolla de maneira sistemática unha ou outra lectura durante varios domingos seguidos, para establecer deste xeito un conxunto harmónico de catequese; en cambio, non é nada aconsellable que, sen ningunha orde preestablecida, lea unha vez algo do Antigo Testamento, outra vez algo das Cartas apostólicas, sen buscar unha conxunción harmónica cos textos que van seguindo.

¹⁰⁷ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 319.

No Ordenamento das lecturas para os días de diario, cómpre ter en conta se durante aquela semana, por razón dalgunha celebración que nela coincida, haberá que omitir algunha ou algunhas lecturas do mesmo libro. Se tal acontecer, o sacerdote, tendo á vista o ordenamento de lecturas de toda a semana, preverá que partes omitirá, por ser de menor importancia; ou tamén mirará a maneira máis conveniente de unir estas partes ás demais, cando son útiles para unha visión de conxunto do argumento que tratan.

5) *As celebracións dos santos*

83. Para as celebracións dos santos propóñense, cando as hai, lecturas propias; isto é, lecturas que tratan da mesma persoa do santo ou do misterio que celebra a Misa. Estas lecturas, aínda que se trate dunha memoria, deben dicirse no canto das lecturas correspondentes ó día de diario. Cando se dá este caso nunha memoria, o Ordenamento indícao expresamente no lugar oportuno.

Por veces dáse o caso de lecturas apropiadas, é dicir, lecturas que poñen de relevo algún aspecto peculiar da vida espiritual ou da actividade do santo. Neste caso non parece que haxa que urxi-lo uso destas lecturas, agás que o aconselle realmente un motivo pastoral. Xeralmente indícanse as lecturas que hai nos Comúns, para facer máis doada a escolla. Trátase unicamente de suxestións: no canto da lectura apropiada ou simplemente proposta, pode escollerse outra calquera dos Comúns indicados.

O sacerdote que celebra con participación do pobo atenderá primeiramente ó ben espiritual dos fieis e coidarase moito de impoñerlle-las súas preferencias. Procurará especialmente non omitir con frecuencia e sen motivo suficiente as lecturas asignadas para cada día no Leccionario dos días de diario, xa que é desexo da Igrexa que os fieis dispoñan dunha mesa da palabra de Deus abondosamente servida.¹⁰⁸

Hai tamén lecturas comúns, é dicir, as que figuran no Común para unha determinada categoría de santos (por exemplo, mártires, virxes, pastores) ou para os santos en xeral. Dado que nestes casos se propoñen varios textos para unha mesma lectura, correspóndelle ó celebrante escolle-lo que máis lles conveña os fieis.

En tódalas celebracións, ademais dos Comúns ós que se remite en cada caso, sempre que o aconselle algún motivo especial, as lecturas poden escollerse do Común de santos e santas.

84. Nas celebracións dos santos hai que ter en conta, ademais, o seguinte:

a) Nas solemnidades e festas sempre hai que emprega-las lecturas que pon o Propio ou o Común; nas celebracións do calendario xeral asígnanse sempre lecturas propias.

b) Nas solemnidades dos calendarios particulares deben poñerse tres lecturas: a primeira, do Antigo Testamento (no tempo pascual, dos Feitos dos apóstolos ou da Apocalipse); a segunda, do Apóstolo e, a terceira, do Evanxeo, a non ser que a Conferencia Episcopal determinara que houbera soamente dúas lecturas.¹⁰⁹

c) Nas festas e memorias, nas que só hai dúas lecturas, a primeira pode escollerse do Antigo Testamento ou do Apóstolo, e a segunda, do Evanxeo. Sen embargo, no tempo pascual, segundo é costume tradicional da Igrexa, a primeira lectura ha ser do Apóstolo, e a segunda, no posible, do Evanxeo de san Xoán.

¹⁰⁸ Cf. *ibid.*, núm. 316 c; Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 51.

¹⁰⁹ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 318.

6) Outras partes do Ordenamento das lecturas

85. No Ordenamento das lecturas para as Misas rituais, indícanse os mesmos textos que foron xa promulgados nos respectivos Rituais, exceptuando, como é natural, os textos pertinentes a aquelas celebracións que non se poden xuntar coa Misa.¹¹⁰

86. O Ordenamento das lecturas por diversas necesidades, votivas e de defuntos presenta diversidade de textos que poden prestar unha valiosa axuda para adaptar aquelas celebracións ás características, ás circunstancias e ós problemas das diversas asembleas que nelas participan.¹¹¹

87. Nas Misas rituais, por diversas necesidades, votivas e de defuntos, cando se propoñen varios textos para a mesma lectura, a escolla faise cos mesmos criterios anteriormente descritos para escolle-las lecturas do Común dos santos.

88. Cando algunha Misa ritual está prohibida e, segundo as normas indicadas en cada rito, permítese tomar unha das lecturas propostas para as Misas rituais, débese atender ó proveito espiritual dos que participan.¹¹²

b) O SALMO RESPONSORIAL E A ACLAMACIÓN ANTES DA LECTURA DO EVANXEO

89. Entre estes cantos ten unha importancia especial o salmo que segue á primeira lectura. Como norma tomarase o salmo asignado á lectura, a non ser que se trate de lecturas do Común de santos, das Misas rituais, por diversas necesidades, votivas ou de defuntos; xa que, nestes casos, a escolla correspóndelle ó sacerdote celebrante, que obrará nisto segundo o demande a utilidade pastoral dos asistentes.

Sen embargo, para que o pobo poida dicir con máis facilidade a resposta do salmo, o Ordenamento das lecturas sinala algúns textos de salmos e de respostas seleccionados para os diversos tempos do ano ou para as diversas categorías de santos; estes textos poderanse empregar no canto do texto que corresponde á lectura, sempre que o salmo sexa cantado.¹¹³

90. O outro canto que se canta despois da segunda lectura, antes do Evanxeo, ou ben se determina en cada Misa e está relacionado co Evanxeo, ou ben se deixa á libre elección entre a serie común de cada tempo litúrxico ou do Común.

91. No tempo de Coresma pódese empregar algunha das aclamacións propostas nos seus lugares propios,¹¹⁴ e dise antes e despois do versículo anterior ó Evanxeo.

¹¹⁰ Cf. *Ritual da Penitencia* reformado segundo os decretos do Concilio Vaticano II, aprobado polo episcopado español e confirmado pola Sagrada Congregación para o Culto divino (Coeditores litúrxicos 1975), «*Praenotanda*», núm. 13.

¹¹¹ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 320.

¹¹² Cf. *ibid.*, núm. 313.

¹¹³ Cf. *infra*, pp. 306ss.

¹¹⁴ Cf. *infra*, p. 289.